# PROXECTO EDUCATIVO

## IES SÁNCHEZ CANTÓN PONTEVEDRA

REVISIÓN Nº :
DATA: 30/06/2023

IES Sánchez Cantón
Avda. Raiña Victoria, CP 36001 - Pontevedra
ies.sanchez.canton@edu.xunta.es
Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050



DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/06/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30/06/2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Os centros docentes disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para definilo modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e as súas respectivas normas de organización e funcionamento.

O proxecto educativo de centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación

# TÁBOA DE CONTIDO

Táboa de contido ........ 2
1. CONTEXTUALIZACIÓN ........ 3
1.1. Resumo histórico ........ 3
1.2. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna ........ 4
2. Características do alumnado ........ 6
3. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS ........ 7
3.1. Principios e Valores Educativos ........ 9
4. O CENTRO ........ 12
4.1. Instalacións ........ 12
4.2. Horarios xerais do centro ........ 14
4.3. Área de influencia e centros adscritos ........ 15
5. OFERTA EDUCATIVA ........ 19
5.1. Etapas educativas ........ 19
5.2. Organización da oferta ........ 20
6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS ........ 27
6.1. Comedor ........ 27
6.2. Transporte escolar ........ 27
6.3. Outros servizos ........ 27
7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ........ 27
8. ESTRUTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA ........ 30
Órgano executivo de goberno ........ 30
Órganos colexiados de goberno ........ 30
Órganos de coordinación docente ........ 33
9. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DO ENTORNO ........ 37
10. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO ........ 40
11. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO ........ 41

# 1. CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1. Resumo histórico

O Instituto de Ensino Secundario Sánchez Cantón é un centro pertencente á rede pública de institutos da Xunta de Galicia, situado en Pontevedra. Leva o nome do historiador Francisco Javier Sánchez Cantón. Está situado na finca denominada o Verxel, a carón do río dos Gafos.

Impártese docencia a preto de 1000 alumnos e alumnas en diferentes niveis educativos. Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato, o título de formación profesional de Técnico Superior en Ensinanza e Animación Socio-Deportiva (TSEASD) e os títulos de Ensinanzas de Réxime Especial de Técnico Deportivo en fútbol, Técnico Deportivo en balonmán, Técnico Superior en fútbol e Técnico Superior en balonmán.

O Instituto Sánchez Cantón conta ademais extensión no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) onde se imparte docencia a 3º e 4º de ESO e Bacharelato, no que máis de 100 deportistas bolseiros de toda Galicia residen, estudan e adestran.

O Instituto de Pontevedra foi creado pola Real Orde do 30 de outubro de 1845 ao abeiro do Plan Xeral de Estudos (Plan Pidal), que creaba un centro de ensino secundario en cada capital de provincia. A súa localización inicial estivo no convento de San Bartolomé de Pontevedra (anterior colexio dos Xesuítas e desamortizado uns anos antes), actual edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra. En 1880 acolleu parte da Exposición Rexional que acolleu a cidade.

Despois pasou ao edificio da Escola Normal de Maxisterio (pertencente máis tarde á Deputación de Pontevedra), e en 1929 construíuse un edificio novo a carón das ruínas de San Domingos (IES Valle-Inclán). En 1963 o Instituto de Pontevedra dividiuse en Masculino e Feminino. O Masculino trasladouse á localización actual a finais dos anos sesenta, sendo inaugurado en 1971. Enen 1973 recibiu o nome de Sánchez Cantón, historiador finado dous anos antes.

O instituto estivo dirixido por Xosé Filgueira Valverde entre 1946 e 1976, ano da súa xubilación. O novo edificio presentaba problemas estruturais, e foi demolido e novamente construído en 1986.

O Sánchez Cantón herdou do histórico Instituto de Pontevedra:

- A colección ornitolóxica doada por Víctor Seoane López en 1866.
- Diferentes pezas do Museo de Ciencias Naturais (herbolarios, materiais didácticos, animais disecados …) e dos laboratorios de Física e Química.
- Arquivo onde se conservan memorias, expedientes e outros documentos fundamentais para coñecer a historia do Instituto e do seu alumnado e profesorado.
- Libros antigos da Biblioteca do centro.
- Retrato de Frei Martín Sarmiento mercado polo Instituto en 1859.

Por todo isto, considérase o IES Sánchez Cantón como o herdeiro do antigo Instituto de Pontevedra (compartido co IES Valle Inclán, que ocupa o edificio histórico. Este é o motivo polo que o centro pertence á REDE MUPEGA, que integra os institutos históricos de Galicia. Tamén participou activamente nas IV Xornadas de Institutos Históricos españois en xullo de 2010.

En 2022 o IES Sánchez Cantón ingresa na *Orden de Alfonso X el Sabio* coa categoría de Placa de Honra (Orde EFP/119/2022, de 13 de enero)

## 1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA






O IES Sánchez Cantón está situado no centro urbano da cidade de Pontevedra, na Avenida Raíña Vitoria Uxía s/n, Pontevedra (36001).

A extensión do IES Sánchez Cantón no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) está ubicada na Rúa Fernando Olmedo s/n, Pontevedra (36002)



O alumnado de ESO e Bacharelato reside maioritariamente nas proximidades do centro e acude diariamente ao centro andando, polo que non existe servizo de transporte. O alumnado provén nun gran número de casos de familias con rendas medias.

Aproximadamente un 10% do alumnado que cursa ESO e Bacharelato no IES Sánchez Cantón reside en concellos limítrofes, sobre todo Poio e Marín. O resto do alumnado ten residencia en Pontevedra.

O alumnado do Ciclo Formativo de TSASD e das Ensinanzas Deportivas de fútbol e balonmán te procedencias diversas debido ás características das ensinanzas e da oferta establecida pola Consellería de Cultura e Educación para este tipo de estudos.

O alumnado que cursa estudos de ESO e Bacharelato no CGTD procede de diferentes puntos da xeografía galega debido ao sistema de concesión de bolsas de estudo establecido pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e deportes; do que depende organicamente.

De acordo coa derradeira enquisa realizada en 2021, a situación do alumnado é a que segue. Responden á pregunta: "En que lingua aprendiches a falar?" só un 6,99 % en galego; un 6,02% máis galego e un 33% as dúas linguas (galego e castelán) por igual. A lingua ambiental da contorna do centro é por tanto, o castelán. Isto incide directamente na situación lingüística do centro, na que a lingua castelá é a que domina amplamente os usos do alumnado e, en menor medida, do profesorado. Como excepción, hai unha porcentaxe que reflicte a enquisa do 0,96 % do alumnado, que emprega a lingua galega habitualmente, á que se suma outra porcentaxe do 0,48% que emprega máis galego e o 5,78 % di que emprega as dúas (galego e castelán) por igual. Coas amizades, o noso alumnado, di empregar: un 0,48 % o galego; un 0,48 % máis galego e un 4,10 % as dúas por igual. A isto hai que sumarlle que nos últimos anos observamos un paulatino incremento do alumnado estranxeiro.

Canto ao profesorado, hai que salientar unha meritoria incorporación de moitos membros que nos últimos anos veñen facendo un grandísimo esforzo persoal por normalizaren o emprego público da lingua galega e que están a impartir con gran profesionalidade a súa docencia en lingua galega. Neste colectivo son máis usuais os empregos bilingües, sen ningún tipo de prexuízo.

## 2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Na actualidade o centro ten matriculados un total de 940 alumnos nos seguintes niveis educativos:

| | 1º ESO | 2º ESO | 3º ESO | 4º ESO | 1º BACH | 2º BACH | 1º TSEASD | 2º TSEASD | EEDD FÚTBOL | EEDD BALON |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | | | MÁN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alumnado | 121 | 108 | 148 | 145 | 174 | 138 | 36 | 30 | 37 | 3 |

Según os datos rexistrados no XADE, o 2.23% do alumnado matriculado durante o presente curso 2022/23 ten nacionalidade estranxeira:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Brasil: | 2 | Italia: | 3 | Rusia: | 1 |
| China: | 2 | Marrocos: | 1 | Salvador: | 1 |
| Colombia: | 2 | Perú: | 3 | Venezuela: | 4 |
| Ecuador: | 1 | Portugal: | 1 | | |

## 3. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS

O IES Sánchez Cantón é un centro histórico recoñecido pola concesión da Placa de Honra de Alfonso X o sabio entregada ao director en maio de 2022. É instituto de referencia en Galicia pola súa longa tradición educativa que se orixina en 1845. Cando na cidade se produciu a escisión entre o instituto feminino e o masculino, o primeiro mantívose no edificio inaugurado en 1927, sito na avenida de Montero Ríos da cidade de Pontevedra, e o alumnado masculino trasladouse a outro edificio construído na finca denominada "O Verxel" adoptando o nome de Sánchez Cantón, apelidos do insigne historiador pontevedrés.

O traslado dun edificio ao outro supuxo tamén o traslado dos fondos documentais e científicos. Así, conservamos hoxe o arquivo histórico do Instituto de Pontevedra, así como o Museo de Ciencias Naturais orixinal, que aglutina importantes exemplares de Zooloxía, Mineraloxía e un semilleiro con mostras únicas. Asimesmo, entre os fondos que o centro conserva, atópase instrumental de laboratorio correspondente ás ciencias experimentais: Física, Química e Bioloxía.

O instituto imparte ensinanzas de ESO e Bacharelato, pero ademais conta cun **Grao Superior en Ensinanzas e Animación Sociodeportiva (TSEAS)** pertencente á familia profesional de actividades físicas e deportivas

A oferta educativa do centro tamén inclúe as **Ensinanzas Deportivas (Fútbol e Balonmán) de Rexime Especial** (EEDD) de Técnico Deportivo (Niveis I e II) e Técnico Deportivo Superior (nivel III).

No curso de 1987-1988, apoveitando as instalacións do Estadio da Mocidade e a residencia de estudantes Atlántico da cidade de Pontevedra, naceu o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) instalación de referencia para o deporte galego pola súa excelencia competitiva, unha excelencia que contempla tamén, por suposto, a formación académica dos deportistas coa finalidade de conseguir a súa formación integral. Esta formación académica depende do IES Sánchez Cantón, converténdose este centro nunha extensión do centro orixinal. Desde ese momento, no CGTD formáronse os mellores deportistas de Galicia e, na actualidade, dá cabida aos principais deportistas e ás promesas do deporte galego.

Os valores nos que se asenta o proxecto educativo do IES Sánchez Cantón están baseados na tolerancia, o respecto e a convivencia. Dende hai xa 5 anos, desenvolvemos un **proxecto de mellora da convivencia** que redunda no bo clima de traballo para alumnado e profesorado. Os equipos de axuda vinculados aos primeiros cursos da ESO, sumados á formación en mediación que se desenvolve en 3º e 4º ESO, contribúen á resolución de conflitos leves, evitando que se alonguen no tempo e cheguen a constituírse como graves. Os resultados destas intervencións son claramente positivos pois o número de faltas de conduta diminuíu nos últimos cursos.

O Comité de Igualdade incide fundamentalmente no respecto á diferencia fomentando o valor ético da tolerancia equiparando a todas as persoas sexa cal sexa o seu xénero e identidade."

Ademais o centro participa nos seguintes programas educativos:

- Contratos programa: Inclúe (Convive-t, Iguala-t e Inclúe-T) e Innova (EduExcelencia e Edusostibilidade)

- Proxecto E-Dixgal.
- Programa de innovación educativa: Polos Creativos.
- Programa de innovación educativa: Club de Ciencia
- Bibliotecas escolares (PLAMBE, Clubs de Lectura)
- Plans Proxecta: Consumópolis e Aliméntate ben.

## 3.1. Principios e Valores Educativos

O funcionamento do IES Sánchez Cantón ao igual que todo o sistema educativo réxese polos principios de calidade, cooperación, equidade, liberdade de ensino, mérito, igualdade de oportunidades, non discriminación, eficiencia na asignación de recursos públicos, transparencia e rendición de contas.

Neste senso os principios e valores do IES Sánchez Cantón concrétanse nos seguintes:

a) O cumprimento efectivo dos dereitos da infancia recoñecendo o interese superior do menor, o seu dereito á educación, a non ser discriminado e a participar nas decisións que lles afecten e a obrigación do Estado de asegurar os seus dereitos.
b) A calidade da educación para todo o alumnado, sen que exista discriminación algunha por razón de nacemento, sexo, orixe racial, étnico ou xeográfico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
c) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (Madrid, 2008).

d) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

e) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.

f) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

g) A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

h) O esforzo individual e a motivación do alumnado.

i) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.

j) O recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos.

k) A autonomía para adecuar ó centro, conforme o recollido nas disposicións lexislativas de aplicación, as medidas organizativas e curriculares que lle afecten.

l) A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do instituto.

m) A educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar e ciberacoso co fin de axudar ao alumnado para recoñecer toda forma de malos tratos, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar fronte a ela.

n) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.

o) O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

p) A avaliación do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

q) A liberdade de ensino, que recoñeza o dereito dos pais, nais e titores legais a elixir o tipo de educación e o centro para os seus fillos, no marco dos principios constitucionais.

r) A educación para a transición ecolóxica, con criterios de xustiza social, como contribución á sustentabilidade ambiental, social e económica.

## OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden acadar co noso proxecto educativo enuméranse nos seguintes:

a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
b) A educación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, relixión, convicción, idade, de discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade, ou calquera outra condición ou circunstancia.
c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e os dereitos dos animais e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural do estado e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.

i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais, de coidados e de colaboración social.

j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houber, e nunha ou máis linguas estranxeiras.

k) A preparación para o exercicio da cidadanía, para a inserción na sociedade que lle rodea e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

l) A capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva.

# 4. O CENTRO

## 4.1. INSTALACIÓNS

O edificio principal do IES Sánchez Cantón ten 6 plantas cos seguintes espazos:

- 24 aulas con capacidade para 30 alumnos e alumnas.
- 6 aulas con capacidade superior a 30 alumnos e alumnas.
- 3 aulas pequenas, destinadas a desdobres.
- Aula de Artes Plásticas.
- Laboratorio de Física.
- Laboratorio de Química.
- Aula de Pedagoxía Terapéutica.
- Laboratorio de Ciencias Naturais.
- Taller de Tecnoloxía.
- Aula de Informática.
- Aula de Música.
- Biblioteca.
- Museo de Ciencias Naturais.

- 2 despachos de Orientación.
- 4 Despachos de equipo directivo.
- Conserxería.
- Dependencias administrativas.
- Sala de titorías
- 6 espazos destinados a departamentos didácticos compartidos.
- Almacéns.
- Vestiarios
- Aseos.

Pavillón anexo ao edificio principal do IES Sánchez cantón:

- Pista polideportiva.
- Bancadas.
- Vestiarios.
- Almacén para equipamento deportivo.

Exterior do edificio:

- Pistas polideportivas e espazo adicado ao recreo
- Aparcadoiro
- Espazo destinado para horto e almacenaxe.

A extensión no CGTD é un edificio de tres plantas cos seguintes espazos:

- 9 aulas.
- Laboratorio polivalente de Física e Química e Tecnoloxía.
- Aula de Artes Plásticas.
- Despacho de Xefatura de Estudos
- Espazo destinado a Biblioteca.
- Sala de profesorado.
- Conserxería.
- Almacén.
- Instalacións deportivas.

O IES Sánchez Cantón non utiliza con carácter de permanencia ningunha instalación municipal, pero si ten acordos de colaboración estables co Concello de Pontevedra, co Centro Galego de Tecnificación Deportiva e con empresas privadas para a utilización das súas instalacións en determinadas materias do Ciclo Formativo de TSEASD e das Ensinanzas Deportivas de Fútbol e Balonmán.

## 4.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

O centro permanece aberto entre as 8:00 horas e as 22:00 horas durante os períodos lectivos.

### HORARIO LECTIVO

O horario lectivo do centro para a **ESO e Bacharelato** é o seguinte:

- Mañás: de 9.00h a 14:30
- Tarde do luns: de 16:35 a 18:15

Para o **Ciclo Superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva**:

- Mañás: de 8:10 a 14:30
- Os martes o alumnado de 1º TSEASD remata ás 13:40 pola mañá e ten pola tarde 16:00 a 17:40.
- Os xoves o alumnado de 2º TSEASD remata ás 13:40 pola mañá e ten pola tarde 16:00 a 17:40

O **CGTD** ten o seguinte horario para ESO e Bacharelato:

- Mañás: de 8:00 a 14:20. Os luns, mércores e venres entre as 10:30 e as 12:40 o horario do alumnado está reservado para o adestramento deportivo. Estas horas non son lectivas.
- Tarde do luns: de 15:20 a 17:00.
- Tarde do mércores: de 15:20 a 16:10.

As **Ensinanzas deportivas de Fútbol e Balonmán** impártense no CGTD e teñen o seguinte marco horario:

- Fútbol e Balonmán N3: de 8:50 a 13:30.
- Fútbol e Balonmán N1: de 8:50 a 14:20.
- Fútbol e Balonmán N2: de 8:50 a 14:20.

### HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Mañás: de 9.00h a 14:30

### HORARIO DE VERÁN E PERÍODOS NON LECTIVOS

O horario de verán, aprobado en Consello Escolar celebrado o 30 de xuño de 2022 é o seguinte:

- De 1 de xullo ata o 15 de xullo: de 9:00h a 14:30h.
- Do 16 ao 31 de xullo: 9:00 a 13:30h.
- De 1 de agosto ata o 31 de agosto: de 10:00 a 13:00 horas.
- O centro permanecerá pechado durante a semana das festas da Peregrina (a partir do segundo domingo de agosto).
- Durante o Entroido, Semana Santa e Nadal o centro permanecerá aberto entre as 10:00 e as 13:00 horas.
- O centro permanecerá pechado os días 24 e 31 de decembro e o 5 de xaneiro.

## 4.3. ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

A área de influencia do IES Sánchez Cantón, según a **Resolución de 11/01/2023** sobre *revisión das adscricións e actualización das áreas de influencia dos centros docentes do Concello de Pontevedra*, é a súma das áreas de influencia dos Colexios adscritos ao centro:

**CEIP Plurilingüe Froebel**

Perímetro formado polas seguintes rúas:

- Río Lérez dende a travesía da Galera ata a sua desembocadura, incluíndo o Náutico e o Gremio de Mareantes.
- Rúa San Roque (beirarrúa oeste).
- Rúa Alameda (beirarrúa oeste).
- Arcebispo Malvar (beirarrúa oeste).
- Travesía Galera (beirarrúa oeste).

**CEP Campolongo**

Perímetro formado polas seguintes rúas:

- Avda. da Raíña Vitoria Uxía (ámbalas dúas beirarrúas) ata Rúa Rosalía de Castro.
- Rúa Rosalía de Castro (dende Avda. da Raíña Vitoria Uxía ata Rúa Oliva) (beirarrúa leste).
- Rúa Oliva (ata Rúa García Camba) (ámbalas beirarrúas).
- Rúa García Cambia (excluída)
- Rúa Andrés Muruais (ámbalas dúas beirarrúas).
- Rúa Andrés Mellado (ámbalas dúas beirarrúas).
- Rúa Peregrina (dende intersección con Rúa Andrés Mellado) (beirarrúa suroeste).
- Rúa Avda. de Vigo (ata intersección con Rúa Germán Adrio) (beirarrúa suroeste).
- Rúa Germán Adrio (beirarrúa sur).
- Rua Gorgullón (ámbalas dúas beirarrúas).
- Río Gafos (dende intersección con Rúa Estación ata glorieta Avda. María Victoria Moreno con Avda. de Vigo) (**NOTA**: o edificio da Avda. de Vigo que dá a esta glorieta está incluído).
- Avda. María Victoria Moreno (beirarrúa norte).
- Avda. Manuel de Palacio (beirarrúa norte).
- Avda. de Marín (dende Avda. Manuel de Palacio ata Rúa San Roque).
- Rúa San Roque (beirarrúa leste).


PONTEVEDRA
RÍA DE PONTEVEDRA
ZONA A: LIMÍTROFE BACH.
ZONA B: INFLUENCIA BACH.
Río Lérez
galicia
XUNTA DE GALICIA
www.turgalicia.es


INFLUENCIA ESO
→ 2 ACERAS
→ 1 ACERA
Vigo 29 km - 20 min
Tui 54 km - 35 min
Porto 170 km - 1h 37min
Aeropuerto de Peinador 32 km - 23 min
Cangas 36 km - 29 min
Lugares de interés
01. Capilla de la Peregrina. D2
02. Basílica de Santa María. C2
03. Iglesia de San Francisco. D2, D3
04. Iglesia de San Bartolomé. C3
05. Iglesia de Santa Clara. C3
06. Capilla de San Roque. D1
07. Isla de las Esculturas. A4
08. Monumento a los Héroes de Ponte Sampaio. D2
09. Conjunto escultórico La Tertulia. D2
10. Museo de Pontevedra: Ed. Castro Monteagudo. C2, C3
11. Museo de Pontevedra: Ed. García Flórez. C2, C3
12. Museo de Pontevedra: Ed. Fernández López. C2
13. Museo de Pontevedra: Ruinas de Santo Domingo. D2
14. Museo de Pontevedra: Edificio Sarmiento. C3
15. Museo de Pontevedra: Sexto Edificio. C3
16. Centro de Interpretación de las Torres Arzobispales. C2
17. Pazo da Cultura. C3
18. Recinto Ferial. B3, C3
19. Teatro Principal. C2
20. Centro Cultural Caixanova. D2
21. Centro Cultural Caixagalicia. D2
22. Biblioteca Pública. C1
23. Casa Consistorial. C2
24. Diputación Provincial. D2
25. Xunta de Galicia. E2
26. Subdelegación del Gobierno. C2
27. Agencia Tributaria. E2
28. Policía Nacional. D3
29. Policía Local. D3
30. Guardia Civil. B1
31. Bomberos. B1
32. Audiencia Provincial. D2
33. Juzgados. E4
34. Estadio Municipal de Pasarón. B3
35. Pabellón Municipal de los Deportes. B3
36. Pabellón Multiusos de A Xunqueira. B4
37. Campos de hierba sintética de A Xunqueira. A4, B4
38. Centro de Tecnificación Deportiva. C4
39. Pabellón Universitario. C3
40. Piscinas de Campolongo. E2
41. Club Naval. C1
42. Plaza de Toros. D1
43. Mercado Municipal. C2
44. Consejo Regulador D.O. Rías Baixas. C2
Información turística
Camino Portugués
Hotel
Pensión
Casa de huéspedes
Albergue privado
Albergue de peregrinos
Spa urbano
Playa fluvial
Ruta de senderismo
Correos y telégrafos
Farmacia 24h
Centro de salud
Zona peatonal
Aparcamiento
Aparcamiento gratuito
Aparcamiento autobuses
Gasolinera
Taxi
Estación de trenes
Estación de autobuses
N
O
E
S
CONCELLO DE PONTEVEDRA
área de promoción da cidade

Os centros adscritos para a ESO son:

- CEIP Plurilingüe Froebel.
- CEP Campolongo.

Os centros adscritos para a BACH son:

- CPR Plurilingüe Nuestra Señora de los Dolores (Doroteas).

**Criterio complementario de admisión (aprobado polo Consello Escolar o 28 de febreiro de 2023):**

O alumnado solicitante de praza que non cumprindo o requisito de irmáns matriculados no centro para o curso que se solicita a admisión, tivesen irmáns que cursaran estudos no centro en anos anteriores.

A valoración deste criterio é de 1 punto e debe acreditarse mediante certificación académica do irmán que foi alumno no centro.

# 5. OFERTA EDUCATIVA

## 5.1. ETAPAS EDUCATIVAS

| ENSINO DE RÉXIME ORDINARIO (SÁNCHEZ CANTÓN) | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | **LIÑAS** | **Prazas ofertadas** | **OBSERVACIÓNS** |
| **1º ESO** | **4** | **30** | |
| **2º ESO** | **4** | **30** | |
| **3º ESO** | **4** | **30** | Programa de diversificación curricular (PDC) |
| **4º ESO** | **4** | **30** | Programa de diversificación curricular (PDC) |
| **1º BACH.** | **5** | **33** | Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía.<br>Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais. |
| **2º BACH.** | **5** | **33** | Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía.<br>Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais. |
| **1º TSEASD** | **1** | **30** | Ciclo formativo superior |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **2º TSEASD** | **1** | **30** | Ciclo formativo superior |

| ENSINO DE RÉXIME ORDINARIO (Extensión CGTD) | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | **LIÑAS** | **ALUMNADO POR GRUPO** | **OBSERVACIÓNS** |
| **3º ESO** | **1** | **30** | |
| **4º ESO** | **1** | **30** | |
| **1º BACH.** | **1** | **33** | Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía.<br>Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais (Itinerario de Ciencias Sociais) |
| **2º BACH.** | **1** | **33** | Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía.<br>Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais (Itinerario de Ciencias Sociais) |

| ENSINO DE RÉXIME ESPECIAL (Extensión CGTD) | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | **LIÑAS** | **ALUMNADO POR GRUPO** | **OBSERVACIÓNS** |
| **FÚTBOL N1** | **1** | **30** | |
| **FÚTBOL N2** | **1** | **30** | |
| **FÚTBOL N3** | **1** | **30** | |
| **BALONMÁN N1** | **1** | **30** | |
| **BALONMÁN N2** | **1** | **30** | |
| **BALONMÁN N3** | **1** | **30** | |

## 5.2. ORGANIZACIÓN DA OFERTA

**1º ESO**:

- O alumnado deberá elixir entre Relixión Católica e Proxecto Competencial (1 hora semanal).
- Agrupamentos específicos (Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá e outras materias que o precisen).

- Horario de libre disposición do centro: unha hora semanal adicional para Lingua Galega e literatura e unha hora para Lingua Castelá e literatura.
- Reforzo de lingua galega para o alumnado exento de Francés.
- Reforzo educativo co profesorado de PT.
- Desdobres.

**2º ESO**:

- O alumnado deberá elixir entre Relixión Católica e Proxecto Competencial (1 hora semanal).
- Agrupamentos específicos (Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá e outras materias que o precisen).
- Horario de libre disposición do centro: unha hora semanal adicional para Matemáticas e unha hora para Inglés.
- Reforzo de Lingua Galega para o alumnado exento de Francés (2ª lingua).
- Reforzo educativo co profesorado de PT.
- Desdobres.

**3º ESO**:

- O alumnado deberá elixir entre Relixión Católica e Proxecto Competencial (1 hora semanal).
- Materia optativa (3 horas semanais). O alumnado deberá elixir unha materia entre as seguintes: Cultura Clásica, Educación Dixital, Francés e Oratoria.
- Agrupamentos específicos (Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá e outras materias que o precisen).
- Reforzo educativo co profesorado de PT.
- Desdobres.
- Programa de Diversificación Curricular para 10 alumnas e alumnos.

**4º ESO**:

- O alumnado deberá elixir entre Relixión Católica e Proxecto Competencial (1 hora semanal).
- Agrupamentos específicos (Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá e outras materias que o precisen).
- Reforzo educativo co profesorado de PT.

- Desdobres.
- Programa de Diversificación Curricular.
- Itinerarios 4º ESO:

| **Elixir unha opción** → | ☐ **Ciencias** | ☐ **Hum. e CCSS** | ☐ **Orientado a FP** | ☐ **PDC** |
|---|---|---|---|---|
| Matemáticas | Matematicas B (acad) | ☐ Matemat. B (acad)<br>☐ Matemát. A (aplic) | Matemáticas A (aplic) | |
| Materias de opción | Bioloxía e Xeoloxía<br>Física e Química | Economía e Emprend.<br>Latín | Economía e Emprend.<br>Tecnoloxía | |
| Materia de opción<br><br>(Elixir unha) | ☐ Dixitalización<br>☐ Expresión artística<br>☐ Francés 2ª L.E.<br>☐ Música<br>☐ Tecnoloxía | ☐ Dixitalización<br>☐ Expresión artística<br>☐ Francés 2ª L.E.<br>☐ Música | ☐ Dixitalización<br>☐ Expresión artística<br>☐ Francés 2ª L.E.<br>☐ Música | ☐ Economía e Emprendemento<br><br>☐ Tecnoloxía |
| Materia optativa<br><br>(Elixir unha) | ☐ Cultura Clásica*<br>☐ Expresión artística<br>☐ Filosofía<br>☐ FOPP<br>☐ Francés 2ª LE.<br>☐ Música<br>☐ Oratoria*<br>☐ Tecnoloxía | ☐ Cultura Clásica*<br>☐ Expresión artística<br>☐ Filosofía<br>☐ FOPP<br>☐ Francés 2ª LE.<br>☐ Música<br>☐ Oratoria* | ☐ Cultura Clásica*<br>☐ Expresión artística<br>☐ Filosofía<br>☐ FOPP<br>☐ Francés 2ª LE.<br>☐ Música<br>☐ Oratoria* | ☐ Cultura Clásica*<br>☐ Expresión artística<br>☐ FOPP<br>☐ Música<br>☐ Oratoria* |
| Elixir unha | ☐ Relixión ☐ Proxecto Competencial | | | |

**Cultura clásica e Oratoria pódense escoller só se non se cursaron en 3º ESO*

## 4º ESO CGTD

| | | |
|---|---|---|
| Elixir unha | ☐ Matemáticas B (académicas) | ☐ Matemáticas B (académicas)<br>☐ Matemáticas A (aplicadas) |
| Materia de opción 1 | Bioloxía e Xeoloxía | |
| Materia de opción 2 | ☐ Física e Química | ☐ Economía e Emprendemento |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Materia de opción 3. (Elixir unha) | ☐ Francés (2ª L.E.) | ☐ Música | ☐ Tecnoloxía |
| Materia optativa. (Elixir unha) | ☐ Expresión Artística | ☐ Filosofía | ☐ Oratoria* |
| Elixir unha | ☐ Proxecto Competencial | ☐ Relixión | |

**Oratoria pódese escoller só se non se cursou en 3º ESO*

## 1º Bach:

| | |
|---|---|
| **Materias comúns** | Educación Física (3H)<br>Filosofía (3H)<br>Lingua Castelá e Literatura I (3H)<br>Lingua Galega e Literatura I (3H) |

| | |
|---|---|
| **Primeira lingua estranxeira** | ☐ Inglés I (3H) |

| **Elixir unha opción:** → | ☐ **Ciencias e Tecnoloxía** | ☐ **Cienc. Sociais e Humanidades** |
|---|---|---|
| Materia de opción 1 (4H) | Matemáticas I | ☐ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I<br>☐ Latín I |
| Materia de opción 2 (4H) | Física e Química | **Elixir dúas (8 Horas):**<br>☐ Economía<br>☐ Grego I<br>☐ Hª Mundo Contemporáneo<br>☐ Literatura Universal |
| Materia de opción 3 (4H) | **Elixir unha:**<br>☐ Bioloxía Xeoloxía e Ciencias Ambientais<br>☐ Debuxo Técnico I<br>☐ Tecnoloxía e Enxeñería I | |
| Elixir unha materia optativa (4H) | **Numerar por orde de preferencia:**<br>☐ Análise Musical I<br>☐ Anatomía Aplicada<br>☐ Antropoloxía<br>☐ Cultura Científica<br>☐ Debuxo Artístico I<br>☐ Debuxo Técnico I | **Numerar por orde de preferencia:**<br>☐ Análise Musical I<br>☐ Antropoloxía<br>☐ Debuxo Artístico I<br>☐ Francés 2ª Ling. Estranx. I<br>☐ Lit Galega S. XX e da Act.<br>☐ Literatura Universal |

| | | |
|---|---|---|
| | ☐ Francés 2ª Ling. Estranx. I<br>☐ TIC I | ☐ TIC I |
| Elixir unha:<br>(1 hora) | ☐ Libre Disposición de centro<br>☐ Relixión | |

## 1º BACH CGTD

| Elixir unha opción: → | ☐ **Ciencias e Tecnoloxía** | | ☐ **Cienc. Sociais e Humanidades** |
|---|---|---|---|
| Elixir unha<br>4 horas | Matemáticas I | | ☐ Matemáticas Aplicad. ás Ciencias Sociais I<br>☐ Latín I |
| | Física e Química | | Economía |
| Elixir unha<br>4 horas | ☐ Bioloxía, Xeoloxía. e Ciencias Ambientais | ☐ Debuxo Técnico I | Historia do Mundo Contemporáneo |
| Elixir unha<br>4 horas | ☐ Anatomía Aplicada<br>☐ Debuxo Artístico I<br>☐ Francés I (2ª LE) | | ☐ Anatomía Aplicada<br>☐ Debuxo Artístico I<br>☐ Francés I (2ª LE) |
| Elixir unha:<br>1 hora | ☐ Disposición de centro<br>☐ Relixión | | ☐ Disposición de centro<br>☐ Relixión |

## 2º BACH

| | |
|---|---|
| **Materias comúns** | Historia de España (3H)<br>Historia da Filosofía (3H)<br>Inglés II (3H)<br>Lingua Castelá e Literatura II (3H)<br>Lingua Galega e Literatura II (3H) |

| | | |
|---|---|---|
| **Elixir unha opción:** → | ☐ **Ciencias e Tecnoloxía** | ☐ **CC Sociais e Humanidades** |
| Materia de opción 1 (4H)<br>**Elixir unha** | **Elixir unha:**<br>☐ Matemáticas II<br>☐ Matemáticas Aplicadas ás CCSS II | **Elixir unha:**<br>☐ Matemáticas Aplicadas ás CCSS II<br>☐ Latín II |
| Materias de opción (4H) **Elixir dúas** | **Elixir dúas (8 Horas):**<br>☐ Bioloxía<br>☐ Debuxo Técnico II<br>☐ Física<br>☐ Química<br>☐ Tecnoloxía e Enxeñería II<br>☐ Xeoloxía e Ciencias Ambientais | **Elixir dúas (8 Horas):**<br>☐ Empresa e Deseño de Mod. de Neg.<br>☐ Grego II<br>☐ Historia da Arte<br>☐ Xeografía |
| | | |
| Materia optativa (4H)<br>Elixir unha<br>**Elixir unha**<br>**(Numerar por orde de preferencia)** | ☐ Análise Musical II<br>☐ Debuxo Artístico II<br>☐ Francés 2ª LE II<br>☐ Métodos Estatísticos e Numéricos<br>☐ Psicoloxía<br>☐ TIC II<br>☐ Xeografía, Hª, Arte e Patrimonio de Galicia<br>☐ Bioloxía<br>☐ Debuxo Técnico II<br>☐ Empresa e Deseño de Modelos de Neg.<br>☐ Física<br>☐ Química<br>☐ Tecnoloxía e Enxeñería II<br>☐ Xeoloxía e Ciencias Ambientais | ☐ Análise Musical II<br>☐ Debuxo Artístico II<br>☐ Francés 2ª LE II<br>☐ Métodos Estatísticos e Numéricos<br>☐ Psicoloxía<br>☐ TIC II<br>☐ Xeografía, Hª, Arte e Patrimonio de Galicia<br>☐ Empresa e Deseño de Modelos de Neg.<br>☐ Historia da Arte<br>☐ Xeografía |
| | | |
| **Elixir unha (1 hora)** | ☐ Relixión<br>☐ Disposición do Centro | |

# 2º BACH CGTD

| | |
|---|---|
| **Materias comúns** | Historia de España (3H)<br>Historia da Filosofía (3H)<br>Inglés II (3H)<br>Lingua Castelá e Literatura II (3H)<br>Lingua Galega e Literatura II (3H) |

| **Elixir unha opción:** → | ☐ **Ciencias e Tecnoloxía** | | ☐ **CC Sociais e Humanidades** |
|---|---|---|---|
| Materia de opción 1 (4H) **Elixir unha** | ☐ Matemáticas II<br>☐ Matemáticas Aplicadas ás CCSS II | | ☐ Matemát. Aplic. ás CCSS II |
| Materia de opción 2 (4H) | ☐Química | | Empresa e Deseño de Mod. de Neg. |
| Materia de opción 3 (4H) | ☐Bioloxía | ☐Debuxo Técnico II | Historia da Arte |

| | | |
|---|---|---|
| Materia optativa (4H) **Elixir unha** **(Numerar por orde de preferencia)** | ☐ Física<br>☐ Métodos Estatísticos e Numéricos<br>☐ Psicoloxía | ☐ Métodos Estatísticos e Numéricos<br>☐ Psicoloxía |

| | |
|---|---|
| **Elixir unha (1 hora)** | ☐ Relixión<br>☐ Disposición do Centro |

# 6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

## 6.1. COMEDOR

- **Non hai**

## 6.2. TRANSPORTE ESCOLAR

- Non hai

## 6.3. OUTROS SERVIZOS

- Horario da Cafetería:

  Os Luns de 9:00 a 18:30.

  Os demais días lectivos de 9:00 a 14:00 horas.

# 7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Diferéncianse 3 tipos de actividades:

## 7.1. ACTIVIDADES QUE IMPLICAN CONTINUIDADE DURANTE TODO O CURSO

Inclúense na devandita categoría:

- Club contra o Cambio Climático
- Club de Ciencia
- Clubs de Lectura
- Comité de Igualdade
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- Equipo de Convivencia

## 7.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Considéranse actividades complementarias as organizadas polo centro durante o horario escolar, as cales teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polos momentos, espazos ou recursos que utilizan. A asistencia a estas actividades será obrigatoria, igual que ás outras actividades lectivas, xa que estas actividades están orientadas a fomentar unha mellor convivencia. As faltas de asistencia a estas actividades deberán ser xustificadas polas familias.

Inclúense nesta categoría:

- Samaín
- Tu cara me suena
- Entroido

## 7.3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares están encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou ao uso do tempo libre. As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo e terán carácter voluntario para o alumnado e para o profesorado.

### 7.3.1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE MÁIS DUN DÍA

Inclúense na devandita categoría:

- Viaxe de Fin de Estudos para 4º ESO
- Outras actividades que propoñan os Departamentos Didácticos, clubs, comités ou profesorado interesado. Por ex.: viaxes ao estranxeiro, Semana Branca, etc.

7.3.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DUN DÍA

- Saídas do centro para ir a exposicións, visitas culturais, pobos ou cidades do entorno...
- Graduación do alumnado de 2º de Bacharelato

As actividades complementarias e extraescolares realizaranse preferentemente durante o 1º e 2º trimestre; durante o 3º trimestre, e con carácter excepcional, autorizaranse exclusivamente aquelas actividades que, polas súas características especiais, ou por circunstancias concretas, sexa preferible facelas nos meses de abril, maio e xuño.

IES Sánchez Cantón
Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra
ies.sanchez.canton@edu.xunta.es
Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050


# 8. ESTRUTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA

## 8.1. ÓRGANO EXECUTIVO DE GOBERNO

O equipo directivo é o órgano executivo do centro e está formado por cinco membros:

- ✓ Dirección.
- ✓ Vicedirección.
- ✓ Secretaría.
- ✓ Xefatura de estudos.
- ✓ Xefatura de estudos adxunta (CGTD)

O equipo directivo realiza unha reunión semanal co obxectivo de coordinar os diferentes aspectos organizativos do Centro.

## 8.2. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

### Consello Escolar

O Consello Escolar é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar **(art. 36 Decreto 324/1996)**

#### Composición

Actualmente o consello escolar do IES Sánchez Cantón está integrado por:

- Director-a
- Xefe ou xefa de estudos
- Xefe ou xefa de estudos adxunto-a
- Secretario-a
- 7 representantes do profesorado
- 1 representante do PAS

- 2 representantes das familias
- 1 representante da ANPA
- 4 representantes do alumnado
- 1 representante do Concello de Pontevedra

## Comisións

No seo do consello escolar do IES Sánchez Cantón existen as seguintes comisións cuxos membros son renovados cada vez que se celebran eleccións ao consello escolar nos diferentes sectores educativos:

### Comisión de convivencia:

A comisión de convivencia ven regulada no artigo 6 do Decreto 8/2015, considerándose como un órgano con carácter consultivo. Crease no seo do Consello Escolar de cada centro e desempeñará as súas funcións por delegación deste para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Tal como recolle o artigo 6.2 do Decreto 8/2015, a comisión de convivencia na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

Estará composta por:

- O director ou directora do centro que exercerá a función de presidente.
- Representantes do alumnado.
- Representantes do profesorado.
- Representantes das familias.
- Representantes do persoal de administración e servizos.

### Comisión económica

Integrada polo director ou directora, o secretario ou secretaria, ou, se é o caso, o administrador ou administradora, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno, elixidos por cada un dos sectores educativos **(art. 45.1 Decreto 324/1996).**

### Comisión de biblioteca:

A Orde do 11 de maio de 2022 establece a obrigatoriedade de crear unha comisión de biblioteca no seo do consello escolar nos centros que forman parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)

### Composición

Un/unha profesor/a, un/unha pai/nai, un/unha representante do concello, un/unha representante da dirección; por parte da asociación de nais e pais, un/unha representante;
por parte da biblioteca pública máis próxima, o/a responsable; o/a responsable da biblioteca escolar, quen actuará como secretario/a.

A comisión reunirase unha vez ao trimestre, presidida pola xefatura de estudos ou o/a director/a.

### Outras comisións

O art. 45.2 do Decreto 324/1996 establece: *poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, cando menos, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno. En todo caso as comisións informarán o Consello Escolar sobre os temas que se lles encomenden e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.*

### Comisión para urxencias

No IES Sánchez Cantón o consello escolar aprobou a constitución dunha comisión para urxencias que permite a toma de decisións áxil e rápida en situacións excepcionais nas que non haxa tempo suficiente para convocar un consello escolar.
Os acordos tomados nesta comisión deberán ser informados ao consello escolar na seguinte convocatoria do mesmo.

A comisión para asuntos urxentes do IES Sánchez Cantón está formada por:

- O director ou directora, que presidirá a comisión
- Un representante do profesorado
- Un representante das familias
- Un representante do alumnado
- Un representante do PAS

## Claustro de profesorado

IES Sánchez Cantón
Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra
ies.sanchez.canton@edu.xunta.es
Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050


O claustro de profesores é o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos docentes do mesmo.

O claustro estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizo no instituto e será presidido polo director ou directora do centro.

## 8.3. Órganos de coordinación docente

### Comisión de Coordinación didáctica (CCP)

A función da CCP é asegurar a coherencia entre todos os proxectos e plans de centro, desde o proxecto educativo ata as programacións didácticas, dotando as accións docentes de directrices de actuación que deben ser trasladadas aos claustros para a súa aprobación.

**Composición**

- Director ou directora.
- Xefe ou xefa de estudos.
- Xefe ou xefa de estudos adxunto-a.
- Xefes e xefas de departamento.
- Cordinador-a do equipo de dinamización da lingua galega (EDLG).
- Profesorado de apoio a alumnado con necesidades educativas especiais.
- Coordinador-a de formación en centros de traballo.
- Coordinador-a de biblioteca (Orden de 11 de maio de 2022)
- Coordinador Edixgal.

#### Funcionamento

O equipo directivo elabora propostas para ser tratadas nesta Comisión. Os xefes de departamento tratan estas propostas nas reunións de departamento e son os responsables de aportar as valoracións feitas nestas reunións á Comisión pedagóxica.

## Departamento de orientación

Según o establecido polo Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa en Galicia, o departamento de orientación do IES Sánchez Cantón está formado por:

- Dous orientadores, profesores da especialidade de psicoloxía e pedagoxía.
- Dúas profesoras de pedagoxía terapéutica.
- O xefe ou xefa do departamento de orientación do CEIP Plurilingüe Froebel e o xefe ou xefa do CEP Campolongo.
- Un titor ou titora por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, designados polo director ou directora, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica..
- Un profesor ou profesora que imparta a área de formación e orientación laboral

## Departamentos didácticos

Están integrados polo profesorado de cada especialidade e son os encargados de elaborar as programacións didácticas de acordo co proxecto educativo de centro. O profesorado de cada departamento a 30 de xuño de 2023 é o seguinte:

| DEPARTAMENTO | PROFESORADO | | |
|---|---|---|---|
| | Definitivo | Provisional | Total |
| Artes plásticas | 1 | 1 | 2 |
| Ciencias naturais | 3 | 2 | 5 |
| Economía | 2 | 0 | 2 |
| Educación física e deportiva | 5 | 5 | 10 |
| Filosofía | 2 | 1 | 3 |
| Física e química | 4 | 1 | 5 |
| Formación e orientación laboral | 0 | 1 | 1 |
| Francés | 2 | 1 | 3 |
| Inglés | 3 | 3 | 6 |
| Latín e Grego | 1 | 0 | 1 |
| Lingua castelá e literatura | 5 | 2 | 7 |
| Lingua galega e literatura | 4 | 3 | 7 |
| Matemáticas | 6 | 2 | 8 |
| Música, | 1 | 1 | 2 |

IES Sánchez Cantón
Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra
ies.sanchez.canton@edu.xunta.es
Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050


| | | | |
|---|---|---|---|
| Orientación | 4 | 0 | 4 |
| Relixión | 1 | 0 | 1 |
| Tecnoloxía | 3 | 1 | 4 |
| Xeografía e Historia | 5 | 0 | 5 |
| **TOTAL PROFESORADO** | **52** | **24** | **76** |

## Equipos de dinamización da lingua galega (EDLG)

Os equipos de dinamización da lingua galega están regulados polo Decreto 324/96 que establece o Regulamento Orgánico dos institutos de secundaria, e polo Decreto 79/2010 que regula o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Os EDLG actuarán baixo a supervisión da dirección do centro, e terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

O coordinador do EDLG será nomeado polo director a proposta dos compoñentes do equipo de dinamización conforme ao establecido na lexislación (Decreto 324/1996, do 26 de xullo).

## Equipo de biblioteca

A biblioteca do IES Sánchez Cantón forma parte novamente do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia (PLAMBE).

### Composición

**(Art. 3.4 da orde de 11 de maio de 2022)**

Crear un equipo de biblioteca ou grupo de apoio, de carácter interdisciplinario, formado por profesorado dos diferentes ciclos ou departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do programa, que se terá en conta na elaboración dos horarios do profesorado a comezo do curso escolar. Preferentemente, será este profesorado o que realice as gardas de biblioteca, co fin de garantir a unificación de criterios na xestión e organización dos fondos, e un maior aproveitamento dese tempo lectivo para formación,

orientación, asesoramento do alumnado como usuarios de fontes informativas, como lectores críticos e como produtores de información en diversos soportes e formatos, e tamén para a propia organización de todas as actuacións en que intervén a biblioteca.

## Xuntas de avaliación

### Composición:

- Presididas polo titor ou titora.
- Todo o profesorado que imparte clase no grupo
- O orientador ou orientadora
- Un membro do equipo directivo sempre que sexa posible

O calendario de avaliacións será proposto polas xefaturas de estudos e a CCP, e aprobado polo claustro de profesorado a principio de curso.

# 9. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DO ENTORNO

## 9.1. Relacións cos centros educativos

- O centro ten adscritos o CEIP Plurilingüe Froebel e o CEP Campolongo para a ESO e, desde xaneiro de 2023, o CPR Plurilingüe Nuestra Señora de los Dolores (Doroteas) para o bacharelato.
- Colaboracións con outros centros, tanto de primaria como de secundaria, da cidade na realización de eventos e actividades diversas.

## 9.2. Relacións con outras institucións educativas

- Escola Galega do Deporte.
- Outras entidades deportivas adscritas administrativamente ao IES Sánchez Cantón.
- CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús (a efectos administrativos).
- Colaboración coas Universidades para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao mestrado de profesorado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, Formación profesional e ensinanzas de idiomas na comunidade autónoma de Galicia.
- Colaboración coas Universidades noutras actividades de formación, orientación, ...
- O centro participa e colabora nas diferentes convocatorias de formación do centro de Formación e recursos e do CAFI.

## 9.3. Relacións co Concello de Pontevedra

- Cesión do pavillón polideportivo para a utilización polas Escolas Deportivas Municipais en horario non lectivo.
- Cesión de espazos municipais para actividades do IES Sánchez Cantón.
- Participación en Concursos, Premios e outras actividades organizadas polo Concello.
- Colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Pontevedra.

## 9.4. Relacións con empresas

- Empresa concesionaria da cafetería do instituto.
- Empresas colaboradoras coa Formación en Centros de Traballo (FCT) do ciclo formativo de TSEASD.
- Empresas da FCT das EEDD de Fútbol e Balonmán.
- Visitas de carácter didáctico a empresas seleccionadas polos diferentes departamentos.
- Empresas de subministros e de servizos.

## 9.5. Relacións coa ANPA

A ANPA é independente do Centro, ten autonomía e organiza as súas propias actividades, polo tanto, no suposto de que para a realización destas actividades deban tratar datos de carácter persoal, en ningún caso deben ser subministrados polo centro educativo, senón que debe ser a propia ANPA a que recade os datos necesarios dos seus titulares e cree o seu propio ficheiro independente dos ficheiros da Consellería. O Centro poderá facilitar na medida do posible a comunicación entre a ANPA e os demais afectados.

No caso de que a ANPA organice actividades extraescolares, producirase unha situación similar a unha contratación dun servizo cunha empresa que require o tratamento de datos de carácter persoal, que supón un acceso de terceiros a datos persoais. Esta situación require un contrato de encargado do tratamento entre a dirección do Centro e a ANPA.

A xunta directiva da ANPA e a vicedirección fomentarán unha relación fluida co fin de beneficiar ao alumnado nas actividades que se desenvolvan dende o centro.

A ANPA non ten un local específico no que celebrar as súas reunións debido á limitación de espazos físicos do instituto. A ANPA poderá solicitar coa debida antelación, un espazo para reunirse, a través da secretaría do centro ou do correo electrónico corporativo do instituto.

Relación con outras entidades

- Centros Principe Felipe: son tres centros dependentes da Deputación Provincial de Pontevedra, que atenden a menores que se atopan en situación de risco, desamparo ou que pertencen a familias con dificultades sociais.
- Policía nacional: charlas do Plan Director e colaboración noutros ámbitos.
- Bombeiros de Pontevedra: colaboración no plan de evacuación.

## 10. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

| | Documentos | Data aprobación Claustro | Data aprobación Consello Escolar | Data próxima revisión |
|---|---|---|---|---|
| | **PROXECTO EDUCATIVO** | | | |
| **Documentos incluídos dentro do Proxecto Educativo** | Plan Xeral de Atención á Diversidade | 15/10/2022 | | Setembro 2023 |
| | Plan de Orientación | 12/9/2022 | | Setembro 2023 |
| | Plan Acción Titorial | 21/9/22 | | Setembro 2023 |
| | Plan de convivencia | | 2016/17 | Xuño 2024 |
| | Plan de igualdade | | | Xuño 2024 |
| | Proxecto Lingüístico | | 15/06/2017 | Xuño 2023 |
| | Plan Biblioteca | | | |
| | Proxecto Lector | | | |
| | Plan de Formación e Dixitalización do profesorado. | | | |
| | Plan Dixital | 30/06/22 | 30/06/22 | Xuño 2023 |
| | Plan ACE | | | |
| | Plan Act. Físicas e Hábitos Saudables | | | |
| | Plan Actuación ante Emerxencias ou ,de ser o caso, Plan Autoprotección | | Marzo 22 | Xuño 2024 |
| | **CONCRECIÓN CURRICULAR** | | | Xuño 2024 |
| | **NOFC** | 26/06/2023 | | Xuño 2024 |
| | **PROXECTO DE XESTIÓN** | | | |
| | **PLAN DE MELLORA** (anual) | | | |

Os documentos oficiais do centro son publicados na páxina web do IES Sánchez Cantón: http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/

# 11. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO

O presente documento, así como todos os que figuran na táboa anterior, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan.

Anualmente levarase a cabo a actualización dos contidos dos documentos durante o primeiro trimestre do curso.

Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.